

## RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

**ASUNTO:** APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA. S-6/2024

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/001006

Vista a Resolución da Alcaldía de 8 de maio de 2024 (Res. 570/2024) pola que, en relación ao expediente de contratación SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA. S-6/2024, acórdase iniciar o expediente de contratación e incorporar os pregos de cláusulas e os informes de Secretaría e Intervención.

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado de existencia de crédito de 17 de xullo de 2024.
- Memoria da Alcaldía de data 26 de xullo de 2024.
- Prego de Prescricións Técnicas de data 29 de xullo de 2024.
- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado de data 1 de agosto de 2024.
- Informe da adxunta a secretaría de data 1 de agosto de 2024.
- Informe de fiscalización de Intervención de data 5 de agosto de 2024.

Vistos os artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, en relación ca delegación de competencias realizada por Decreto 783/2023 de 30 de xuño,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de adxudicación do SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA. S-6/2024, mediante procedemento aberto simplificado.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 1 de agosto de 2024, que rexerán a contratación, así como o prego de prescricións técnicas de data 29 de xullo de 2024.

**Terceiro.-** Aprobar, o gasto que representa a dita contratación por importe de 92.186,55 € e 9.218,65 € de IVE, cun total de 101.405,20 €, con cargo á partida orzamentaria 231/227.99 do estado de gastos do orzamento municipal.

**Cuarto.-** Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 15 días naturais desde a citada publicación.

**Quinto.-** Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:

**Presidente:** Juan Jesús Cerqueiro Pintos, concelleiro delegado de Servicios Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais.

**Vogais:**

- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora xeral do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Mayte Argibay Silva, concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE.

**Secretaria:**

Mª Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaría xeral do concello.

**Suplentes:** Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos o presidente será substituído pola concelleira Margarita Rosende Domínguez,, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez, e a concelleira Mayte Argibay Silva, pola



concelleira do seu grupo Montserrat Regueiro Cebey. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

**Sexto.**- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.

**Sétimo.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

A alcaldesa,  
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria acctal, que dou fe  
M<sup>a</sup> Elena Sueiro Fernández